Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

# NOTA DE PRENSA

## O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) desexa mostrar o seu apoio ao escrito do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos (CGCOB) sobre a mellora das condicións de traballo dos/as Observadores/as Científicos/as Mariños/as, tras a recente traxedia do Argos Georgia.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2024

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) desexa expresar o seu apoio ao escrito do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos (CGCOB) dirixido aos Ministerios competente e a Portavoces dos grupos parlamentarios na defensa e mellora das condicións de traballo dos observadores científicos mariños. Este esforzo enmárcase no traballo inicial realizado polo COBGA xunto co Colegio Oficial de Biólogos de Canarias (COBCAN), que culminou na creación do **"Documento base: Propostas para a mellora das condicións de traballo dos/as observadores/as científicos/as mariños/as",** presentado ás autoridades competentes en 2022.

A profesión de Observador Científico, iniciada a principios do século XX polo Instituto Español de Oceanografía (IEO), foi esencial para a recolección de datos fundamentais para o desenvolvemento de políticas pesqueiras e de conservación da biodiversidade mariña. Actualmente, esta actividade é aínda máis relevante debido aos compromisos de España coa Unión Europea a través dos Regulamentos UE/508/2014 e UE/2017/1004.

A actividade da Observación Científica Mariña é clave para garantir a conservación e explotación sostible dos ecosistemas mariños, requirindo profesionais especializados, entre os cales os biólogos desempeñaron un papel destacado. Con todo, a falta dunha regulación adecuada ha levado a que estes profesionais traballen en condicións precarias e sen os dereitos laborais que merecen.

A sociedade tomou conciencia desta profesión tras o tráxico afundimento do pesqueiro **Villa de Pitanxo** o 15 de febreiro de 2022 fronte ás costas de Terranova, no cal perdeu a vida o Observador Científico e Biólogo Mariño **D. Manuel Navarro**. Más recentemente, o naufraxio do **Argos Georgia** preto das Illas Malvinas puxo en evidencia novamente a importancia e os riscos asociados a esta profesión, coa participación dos observadores científicos **Amparo Burguillos e Pere Hernández** que afortunadamente foron rescatados.

No presente 2024 consultamos aos Ministerior implicados as actuacións realizadas en relación á nosa proposta sen recibir resposta, salvo do ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación quen cun conciso "está fóra das competencias deste Ministerio", declinou toda responsabilidade sobre os temas tratados nas nosas propostas.

A actual lexislación que protexe aos traballadores do mar non inclúe de maneira adecuada aos Observadores Científicos, ignorando as particularidades e riscos do seu labor. Por iso, o CGCOB dirixiu un escrito aos Ministerios competentes e aos portavoces dos grupos

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

parlamentarios solicitando a creación dunha normativa específica para regular esta actividade profesional, baseada nos seguintes puntos baseados no documento base mencionado:

**1. Formación e Seguridade:**
- Formación específica do IEO e básica en seguridade e prevención de riscos laborais.

**2. Mellora das Condicións de Vida a bordo:**
- Habitabilidade, condicións de embarque, equipos de traballo, Inreach, vacinacións etc.

**3. Condicións Laborais:**
- Contratación indefinida incluída no Réxime do Mar, salario base acorde á titulación e nivel de especialización con categoría de titulado superior, enrolamento como tripulante e non como persoal alleo á tripulación, cumprimento íntegro do convenio colectivo aplicado e negociación dun convenio colectivo propio, recoñecemento do Coeficiente Redutor en función do buque e pesqueira, seguro de accidentes, conciliación laboral.

**4. Recoñecemento Profesional:**
- Establecer a categoría laboral de Observador como Titulado Superior e rango a bordo de Oficial Técnico, con recoñecemento e protocolos claros por parte das Administracións e Institucións competentes.

Esta proposta tamén se aliña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, especificamente o ODS 14 (vida submarina), e con varios compoñentes do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, destacando a importancia da sustentabilidade, a investigación, a seguridade laboral e a conservación da biodiversidade mariña.

Desde o COBGA, instamos á Administración Estatal e aos partidos políticos representados no Parlamento para considerar seriamente estas propostas e a promover unha normativa específica que ordene e xestione esta actividade profesional. Unha posible vía sería unha iniciativa parlamentaria mediante unha **Proposición Non de Lei** que exprese a posición do Parlamento e inste o Goberno a desenvolver a normativa necesaria.

Agradecemos de antemán o interese mostrado nestas iniciativas que buscan mellorar tanto as condicións laborais dos observadores científicos mariños como a protección do noso medio mariño.

Aproveitamos para mostrar ou noso mais sentido pésame as familias dos falecidos no naufraxio do Argos Georgia

Texto orixinal do CGCOB https://cgcob.es/observadores-marino/

Atentamente,

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA)
Para máis información: Pablo Fernandes (Xerente); Movil: 682546054; CE: comunicacion@biologosdegalicia.org